XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**
**(Para cubrir por cada persoa socia do proxecto no caso de solicitudes formuladas conxuntamente)**

## DATOS DA PERSOA SOCIA

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

## DATOS DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

| NOME |
|---|
| |

## A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que respecta á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
2. Que ten en conta e promove a igualdade entre mulleres e homes.
3. Que evita calquera discriminación por razón de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.
4. Que ten en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade, de ser o caso.
5. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

6. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO III
(continuación)

**A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)**

7. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

8. Que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Que non se encontran en ningún dos supostos do artigo 11.1 e 3 do Regulamento (UE) 2021/1139, é dicir:

a. Que non cometeron infraccións graves conforme o artigo 42 do Regulamento (CE) núm. 1005/2008 do Consello ou o artigo 90 do Regulamento (CE) nº 1224/2009, ou conforme outros actos lexislativos adoptados polo Parlamento Europeo e polo Consello no marco da PPC.

b. Que non estiveron involucrados na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión Europea segundo dispón o artigo 40, número 3, do Regulamento (CE) núm. 1005/2008, ou dalgún buque con pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo se establece no artigo 33 do devandito Regulamento, ou

c. Non cometeron ningún dos delitos ambientais establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no caso de que a solicitude de axuda se presente de acordo co artigo 27 do Regulamento (UE) 2021/1139 d. Que non se determinou por medio dunha resolución definitiva que cometeron fraude, tal como se define no artigo 3 da Directiva (UE) 2017/1371, no contexto do FEMP ou do FEMPA.

12. Que, de acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público:

◯ Ten a condición de poder adxudicador

◯ Non ten a condición de poder adxudicador

13. Que ten a condición de peme.

14. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos da actuación para a cal se solicita a axuda.

15. Que dispón dos recursos e mecanismos financeiros necesarios para cubrir os custos de funcionamento e mantemento das operacións.

16. Que está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

17. Que está de alta no réxime da Seguridade Social correspondente.

18. Que cumpre o principio de protección fronte ao cambio climático no caso de investimentos en infraestruturas cuxa vida útil sexa como mínimo de cinco anos.

19. Que a operación non inclúe actividades que forman parte dunha operación suxeita a recolocación, de conformidade co artigo 66, ou que constitúen unha transferencia dunha actividade produtiva de conformidade co artigo 65, número 1, letra a), do Regulamento (UE) 2021/1060.

20. Que o proxecto non foi iniciado.

21. Que cumpre a normativa comunitaria, nacional e autonómica vixente, en particular en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade e en materia ambiental

22. Autorizo a Consellería do Mar para consultar calquera medio ou rexistro dispoñible para asegurarse da veracidade das declaracións anteriores. Esta autorización estenderase, de ser o caso, ata os 5 anos seguintes á concesión da axuda, e aos 5 anos posteriores ao pagamento final no caso de declaración do punto 11.

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
|---|---|
| | IBAN |

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

, de de

Cofinanciado pola Unión Europea

Grupo de acción local do sector pesqueiro